

ANUNCIO CONVOCATORIA PROCESO SELECCIÓN DUN PEON (APROL RURAL 20202)

Por resolución da Alcaldía nº. 352/2020, de data 23 de xuño, resolveuse o seguinte:

“Por resolución da Consellería de Económica, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, concedeuse a este Concello unha subvención para o fomento do emprego no medio rural (APROL RURAL) Expte. TR351G2020-000043-1, e a contratación de dun peón para a realización de traballos de revalorización forestal.

Visto o informe de Secretaría-Intervención, Ref. 8/2020, de data 23 de xuño de 2020.

Esta Alcaldía en virtude das atribucións que ten conferidas, **RESOLVO**:

PRIMEIRO: Incoar o procedemento de selección para a contratación dun traballador coa categoría de peón, contratación laboral temporal, a xornada completa, baixo a modalidade de contrato de obra ou servizo determinado de interese social, polo período de tempo de nove (9) meses, segundo resolución da Consellería de Económica, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, pola que se concedeu a este Concello unha subvención para o fomento do emprego no medio rural (APROL RURAL), aceptando a subvención outorgada e acollendo as súas condicións e procedendo a tramitar procedemento de selección dando cumprimento a orde reguladora da subvención indicada.

SEGUNDO: Aprobala bases que haberán de rexe-la convocatoria para a contratación dun traballador coa categoría de peón, contratación laboral temporal, a xornada completa, baixo a modalidade de contrato de obra ou servizo determinado de interese social, polo período de tempo de NOVE MESES, e que se transcriben como anexo ó presente acordo.

"BASES DA CONVOCATORIA PARA A CONTRATACION DE UN PEÓN. Accións de fomento do emprego entre a Consellería de Economía, Emprego e Industria en colaboración coas entidades locais a través da contratación de persoas traballadoras desempregadas, para a realización de tarefas relacionadas maioritariamente coa prevención de incendios forestais, como son a planificación preventiva, a valorización forestal, a servicultura, a limpeza de montes, a xestión de biomasa, co obxecto de proporcionarlles a experiencia práctica profesional necesarias para facilitar a súa inserción. (APROL RURAL, DOG.- nº 18 de data 28 de xaneiro de 2020).

1ª.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.

A presente convocatoria ten por obxecto a contratación de un peón para o mantemento de tarefas de revalorización forestal, como persoal laboral temporal na modalidade de "contrato de obra ou servizo de duración determinada -interese social-" polo período de tempo de nove meses, a xornada completa. Os aspirantes que participen na presente convocatoria deberán reunir os seguintes requisitos mínimos:

Ter nacionalidade española, sen perxuízo do disposto no artigo 57 do TREBEP.

Ter cumprido os dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa. So por lei poderá establecerse outra idade máxima, distinta da idade de xubilación forzosa, para o acceso ao emprego público.

Posuír capacidade funcional para o desempeño das tarefas.

Non atoparse separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionarios ou para exercer funcións similares as que desenvolvían no caso de persoal laboral, no que houbera sido inhabilitado ou



separado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

Non estar incurso en causas de incompatibilidade de conformidade co disposto na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas.

Requisitos específicos para esta categoría:

Os aspirantes deberán estar inscritos no Servizo Público de Emprego de Galicia como persoas demandantes non ocupadas.

A presente convocatoria realízase mediante a presentación da oferta específica nas oficinas do Servizo Público de Emprego de Galicia. (Artigo 14.3, das bases da convocatoria da subvención.)

2ª.- COMETIDOS FUNCIONAIS.

- Peón para o mantemento de tarefas de revalorización forestal:

-Os traballos consistirán na realización de tarefas relacionadas maioritariamente coa prevención de incendios forestais, como son a planificación preventiva, a valorización forestal, a servicultura, a limpeza de montes, a xestión de biomasa.

-Os traballos se realizarán no Concello de Ponte deume.

3ª.- CONDICIÓN DOS ASPIRANTES.

Para tomar parte no proceso selectivo será necesario cumprir as condicións seguintes:

Idade: Ter cumpridos os dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

Nacionalidade: Ser de nacionalidade española ou de nacionalidade dalgún dos demais estados membros da Unión Europea, ou nacional dalgún Estado, ao que en virtude dos tratados internacionais celebradas pola Unión Europea e ratificados por España, lle sexa de aplicación a libre circulación de traballadores/as.

Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, a/o cónxuxe das persoas de nacionalidade española ou dalgún dos demais estados membros da Unión Europea, cando así o preveña o correspondente tratado, e as nacionais dalgún Estado ao que, en virtude dos tratados internacionais realizados pola Unión Europea e ratificados por España, lles sexa de aplicación a libre circulación de traballadores/as, sempre que non estean separadas de dereito, así como ás/aos descendentes de ámbolos cónxuxes, de menos de vinte e un anos ou maiores desta idade que vivan ás súas expensas.

Capacidade: Non padecer enfermidade nin estar afectado/a por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

Habilitación: Non estar separado/a do servizo de ningunha Administración Pública en virtude de expediente disciplinario nin atoparse inhabilitado/a por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas. Os/as aspirantes que non tiveran a nacionalidade española deberán acreditar, igualmente, non estar sometidos/as a sanción disciplinaria ou condena penal que impida, no seu Estado, o acceso á función pública.

Específicos do posto:

Os aspirantes deberán estar inscritos no Servizo Público de Emprego de Galicia como persoas demandantes non ocupadas.

Tódolos requisitos relacionados con anterioridade posuíranse polo aspirante no momento da selección así como no momento de asinar o contrato.

4ª.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES.



Os aspirantes, serán as persoas seleccionadas polo Servizo Público de Emprego, en atención á oferta específica solicitada.

5ª.- TRIBUNAL CUALIFICADOR.

5.1.- O Tribunal Cualificador, estará constituído por un presidente, tres vocais e un secretario. Presidente: Un/ha funcionario/a pertencente ao grupo de clasificación profesional de titulación igual ou superior á esixida para o acceso á praza convocada ou quen legalmente a substitúa. Secretaria/o: A da Corporación ou quen legalmente a substitúa.

Vogais:

Tres funcionarios/as de carreira, pertencentes ao grupo de clasificación profesional de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso á praza convocada ou quen legalmente os substitúa. Os membros do tribunal deberán posuír titulación ou especialización igual ou superior ós esixidos para o acceso ao posto convocado.

5.2.- Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándollo á autoridade convocante, cando concorran neles algunhas das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015. Así mesmo, os interesados poderán promover a recusación de acordo co sinalado no artigo 24 da citada norma.

5.3.- O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia, cando menos, de tres dos seus membros.

5.4.- O Tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes tódalas dúbidas e propostas que xurdan para aplicación das normas contidas nestas bases e estará facultado para resolver as cuestións que se poidan suscitar durante a valoración dos méritos, así como adoptar as medidas necesarias que garantan a debida orde do concurso-oposición en todo o que non estea previsto nas Bases.

Os seus acordos serán impugnables nos supostos e na forma establecida pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

5.5.- O Tribunal poderá dispoñer da incorporación ós seus traballos de asesores especialistas cando as circunstancias ou a valoración dos méritos así o aconselle.

5.6.- A Resolución que conteña a composición do Tribunal, publicárase no Taboleiro de Edictos e na páxina web do Concello de Ponte deume.

6ª.- PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN.

O procedemento de selección será o de oposición.

FASE DE OPOSICIÓN:

PROBA ESCRITA: Realización dunha proba tipo test, consistentes en responder 10 preguntas referidas coas tarefas a realizar, e coa prevención de riscos, relacionadas ambas co desenvolvemento de traballos obxecto da convocatoria. Cada pregunta contestada correctamente, valorarase con 1 punto, cada resposta incorrecta, restará 0,20 puntos, non serán valoradas as respostas en branco. Os aspirantes que non obteñan unha puntuación mínima de 5 puntos quedaran eliminados do proceso de selección. Para a realización desta proba, os aspirantes dispoñen dun máximo de 30 minutos.

PROBA PRÁCTICA: Consistirá no desenvolvemento dunha proba práctica a realizar con maquinaria específica que será utilizada na realización de traballos relacionados coas funcións propias da categoría obxecto da convocatoria, será valorado de 0 a 10 puntos, sendo necesario acadar un mínimo de cinco puntos para superar a proba, sendo eliminados aqueles aspirantes que non obteñan esa puntuación mínima.

O Tribunal determinará o nivel de coñecementos esixidos para alcanzar a puntuación mínima.

EXAME DE GALEGO: Aqueles aspirantes que non presenten certificado que acredite o coñecemento do idioma galego mediante a presentación do correspondente certificado ou



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

título, terán que realizar unha proba de galego que consistirá nun exame en galego que versará sobre as funcións propias do posto. Este exercicio puntuarase como apto ou non apto.

7ª.- LISTA DE APROBADOS

7.1.- Rematada as fases anteriores o Tribunal publicará no Taboleiro de Edictos e na páxina web do Concello de Pontevedra a relación dos candidatos por orden da puntuación obtida, coa indicación dos nomes e apelidos.

7.2.- O Tribunal elevará a proposta, ademais da acta da derradeira sesión, ó Sr. Alcalde para que no prazo máximo de tres días proceda á resolución do expediente de selección de persoal e formalización do correspondente contrato.

7.3.- O Tribunal non poderá aprobar nin declarar que superaron a selección un número superior de concursantes ó do posto convocado. Calquera proposta de aprobados que contraveña ó anteriormente establecido será nula de pleno dereito.

8ª.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS.

8.1.- O aspirante seleccionado, no prazo máximo de dous días naturais contados dende o día seguinte a aquel no que se fíxese pública a lista de aprobados, deberá presentar no rexistro xeral do concello de Pontevedra, os seguintes documentos, agás os que xa obren no expediente:

a) Copia autenticada, ou fotocopia que deberá presentarse co orixinal para a súa compulsa, do D.N.I.

b) Copia autenticada, ou fotocopia que deberá presentarse acompañada do orixinal para a súa compulsa, do título esixido.

c) Certificación médica acreditativa de non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das funcións do posto de traballo.

d) Declaración formal, baixo xuramento ou promesa, de non haber sido separado mediante expediente disciplinario, do servizo ás Administracións Públicas, nen se atopar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.

e) Declaración formal, baixo xuramento ou promesa, de non atoparse incurso en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente.

8.2.- Os que tivesen a condición de funcionarios públicos ou persoal laboral, estarán exentos de xustificar documentalmente as condicións e requisitos xa amosados para obter o seu anterior nomeamento, debendo presentar certificación do Ministerio ou organismo do que dependerán para acreditar tal condición.

8.3.- Os que dentro do prazo sinalado, agás nos casos de forza maior, non presentasen a documentación esixida, non poderán ser contratados, sen prexuízo da responsabilidade en que houberen podido incorrer por falsidade dimanante da solicitude para participar no concurso-oposición.

9ª.- AQUISICIÓN DA CONDICIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL.

Polo Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Pontevedra, formalizarase o contrato co aspirante que, incluído na proposta de candidatos formulada polo Tribunal, presentase a documentación esixida na convocatoria. Ata que se formalice o mesmo e se incorpore ó posto de traballo correspondente, o aspirante non terá dereito a percepción económica algunha.

A/O aspirante seleccionado/a quedará sometido a un período de proba nos termos do artigo 14 do TRET.

10ª.- INCIDENCIAS.

O Tribunal queda facultado para resolver as dúbidas que se presentaren e tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo, en todo canto non estea previsto nestas bases.

11ª.- LEXISLACIÓN.

En todo o non previsto nestas bases, serán de aplicación ás probas selectivas as seguintes disposicións: Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local; Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril; Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público; Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia; Lei 5/1997, de 22 de xuño, da Administración Local de Galicia. Serán tamén de aplicación o R.D. 364/1995, de 10 de marzo, Decreto 95/91, de 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección de persoal Administración da Comunidade Autónoma de Galicia; Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores; Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do Sector Público e tódalas demais normas de xeral aplicación para estes supostos.

12ª.- NORMA FINAL.

As presentes bases, así como cantas actas administrativas se deriven dela e da actuación do Tribunal, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecida na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

TERCEIRO: Nomear o tribunal de selección que será constituído do seguinte xeito:

Presidenta: Dona Marta Cajide Barbeito, Secretaria do Concello de Ponte deume.

Suplente: Dona Pilar Canzobre Méndez, Interventora do Concello de Narón.

Secretario: Don Nicolás Placer Sande, Administrativo do Concello de Ponte deume.

Suplente: Don Alejandro Cainzos Corbeira, Bibliotecario do Concello de Ponte deume.

1º Vogal: Lucía Varela Martínez, Interventora do Concello de Ponte deume.

Suplente: Suplente: Don José Luis Sande Vázquez, administrativo do Concello de Ponte deume.

2º Vogal: Dona Eva Guerrero Rico, Administrativa do Concello de Ponte deume

Suplente: Dona Isabel Paz Calvo, Administrativa do Concello de Ponte deume

3º Vogal: Don Juan Carlos Vázquez Méndez, Policía Local do Concello de Ponte deume

Suplente: Don Paulo Díaz Romero, Policía Local do Concello de Ponte deume.

CUARTO.- Dar traslado ao servizo responsable do expediente aos efectos oportunos e publicar no taboleiro de edictos municipal para xeral coñecemento, convocando aos candidatos remitidos pola oficina de emprego, que obran no expediente, para o día 25-06-2020 ás 9,45 horas, no edificio FOREMDES, Avda. Ricardo Sánchez 6, para a realización dunha proba escrita, consistente e resolver 10 preguntas tipo test, segundo do indicado no apartado 6º das bases da convocatoria. Os aspirantes deberán vir provistos, ademais do DNI, de bolígrafo e mascarilla, dada a situación actual provocada pola pandemia COVID-19.

O resultado da referida proba, será publicado as 11,30 horas, no taboleiro de anuncios do Concello e na paxina web www.pontedeume.gal.

QUINTO: Convocar aos candidatos que superen a primeira proba, as 9,45 horas do día 26-06-2020, no punto limpo deste Concello, para a realización do segundo exercicio da oposición.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Documento asinado dixitalmente polo Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Ponte deume.

